



O NOSO MUNDO NON ESTÁ Á VENDA



SUSTENTABILIDADE E XUSTIZA PARA PODERMOS (CON)VIVER EN PAZ

Entre os días 9 e 14 de Setembro, e tras os fracasos de Seattle (EUA, 1999) e Doha (Qattar, 2001) xunta-se en Cancún (México) a V Reunión Ministerial da Organización Mundial do Comércio (OMC) co obxectivo de acordar medidas coas que aprofundar no proceso de globalización neoliberal. De forma paralela, por todo o mundo, tamén na Galiza, sucederán-se as mobilizacións contestando estas políticas que entenden ao planeta e a quen o habitamos como simples mercadorías das que tirar o maior beneficio co menor custo posíbel, a curto prazo.

A globalización neoliberal, promovida desde a OMC, o FMI e o BM, aumenta as diferenzas entre unha cada vez menor e mais rica minoría e a crescente maioría da poboación mundial que (mal)vive na pobreza, unha maioría de excluídos que son, por riba, quen mais directamente sofren outra das graves consecuencias deste modelo económico: a degradación ambiental.

A OMC, en Cancún, abordará a agricultura, a alimentación, o ambiente, os servizos... asuntos chave no que fai respecto non só à qualidade de vida, senon à propia habitabilidade do planeta. Frente à opción neoliberal, valedora da biopirataria, das patentes sobre a vida, dos transxénicos, da privatización dos servizos, dun mundo dominado polas multinacionais... da destrución do planeta, situamo-nos quen procuramos unha saída emancipatória à crise ecolóxica global na que nos atopamos, quen apostamos por unha vida digna nunha Terra habitábel, para o que defendemos a soberanía e a seguranza alimentares, o dereito fundamental dos povos ao acceso a alimentos sans e nutritivos, o comercio xusto, os servizos públicos, a produción biolóxica e sustentábel, a biodiversidade...

Só temos un planeta, a mesma Terra na que terán que morar as xerazóns futuras, humanas e non-humanas. A construción dun mundo no que podermos (con)viver en paz pasa pola sustentabilidade e a xustiza.

Compostela, Setembro de 2003

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza - ADEGA
Praza de Camilo Diaz Valiño 15 2º A, 15704 Compostela (Galiza)
Tfone./Fax: 981 57 00 99 adega@ctv.es www.adegagaliza.org



1 9 8 9 1